

MJTP

ASUNTO: SUPLEMENTO DE CRÉDITO 06/2022

Como consecuencia da previsión do Ministerio de Facenda de engadir unha subida salarial adicional para este ano 2022 do 1,5% para os empregados públicos, propónse a suplementación das aplicacións de persoal, ao abeiro do establecido no artigo 179 do Real decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución do Orzamento Provincial, co seguinte detalle:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
231-2311-120,11	RETRIBUCIÓN S FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	5.966,72 €
231-2311-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	2.202,62 €
231-2311-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	1.505,01 €
231-2311-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	424,86 €
232-2312-120,11	RETRIBUCIÓN S FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (C. S. PRINCIPE FELIPE)	94.324,37 €
232-2312-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (C. S. PRINCIPE FELIPE)	1.184,90 €
232-2312-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (C. S. PRINCIPE FELIPE)	11.831,57 €
232-2312-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (C. S. PRINCIPE FELIPE)	20.909,43 €
232-2312-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (C. S. PRINCIPE FELIPE)	4.144,20 €
240-2410-120,11	RETRIBUCIÓN S FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (PROMOCIÓN DE EMPREGO E D.L.)	5.574,53 €
240-2410-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (PROMOCIÓN DE EMPREGO E D.L.)	435,90 €
240-2410-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (PROMOCIÓN DE EMPREGO E D.L.)	1.500,60 €
240-2410-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (PROMOCIÓN DE EMPREGO E D.L.)	137,52 €
250-2315-120,11	RETRIBUCIÓN S FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (IGUALDADE)	2.607,83 €
250-2315-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (IGUALDADE)	301,41 €
250-2315-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (IGUALDADE)	662,34 €
250-2315-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (IGUALDADE)	82,50 €
324-3243-120,11	RETRIBUCIÓN S FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (E. CANTEIROS)	672,86 €
324-3243-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (E. CANTEIROS)	3.111,26 €
324-3243-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (E. CANTEIROS)	3,60 €
324-3243-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (E. CANTEIROS)	898,85 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
330-3300-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (CULTURA)	3.111,94 €
330-3300-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA (CULTURA)	1.000,00 €
330-3300-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO	960,32 €
330-3300-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (CULTURA)	1.062,56 €
330-3300-160,01	S. SOCIAL P. LABORAL, (CULTURA)	286,94 €
332-3322-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (P. DOCUMENTAL E BIBLIOGRAFICO)	16.179,17 €
332-3322-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (P. DOCUMENTAL E BIBLIOGRAFICO)	496,40 €
332-3322-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (P. DOCUMENTAL E BIBLIOGRAFICO)	3.994,28 €
332-3322-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (P. DOCUMENTAL E BIBLIOGRAFICO)	124,10 €
333-3330-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (MUSEO)	4.477,07 €
333-3330-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA (MUSEO)	2.800,00 €
333-3330-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (MUSEO)	26.529,99 €
333-3330-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL,(MUSEO)	1.561,17 €
333-3330-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (MUSEO)	1.276,61 €
333-3330-160,01	S. SOCIAL LABORALES,(MUSEO)	8.146,44 €
334-3340-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (S. LINGÜÍSTICOS)	4.279,95 €
334-3340-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (S. LINGÜÍSTICOS)	1.058,96 €
340-3400-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (DEPORTES)	6.116,99 €
340-3400-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (DEPORTES)	716,33 €
340-3400-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (DEPORTES)	430,52 €
340-3400-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (DEPORTES)	1.357,89 €
340-3400-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (DEPORTES)	332,60 €
410-4100-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (MEDIO AMBIENTE)	21.110,18 €
410-4100-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (MEDIO AMBIENTE)	2.141,16 €
410-4100-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (MEDIO AMBIENTE)	5.646,33 €
410-4100-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (MEDIO AMBIENTE)	620,94 €
413-4123-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (E.F. AREEIRO)	15.617,63 €
413-4123-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (E.F. AREEIRO)	3.000,00 €
413-4123-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (E.F. AREEIRO)	1.977,71 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
413-4123-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS,(E.F. AREEIRO)	4.434,44 €
413-4123-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (E.F. AREEIRO)	553,76 €
433-4320-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (TURISMO)	1.681,91 €
433-4320-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (TURISMO)	1.000,00 €
433-4320-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (TURISMO)	4.125,90 €
433-4320-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (TURISMO)	2.675,10 €
433-4320-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (TURISMO)	716,63 €
433-4320-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (TURISMO)	1.972,31 €
456-4530-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (MOBILIDADE)	52.113,02 €
456-4530-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (MOBILIDADE)	960,32 €
456-4530-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (MOBILIDADE)	1.026,20 €
456-4530-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (MOBILIDADE)	13.233,80 €
456-4530-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (MOBILIDADE)	556,23 €
457-4500-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (ARQUITECTURA)	7.469,78 €
457-4500-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (ARQUITECTURA)	1.500,00 €
457-4500-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO ,(ARQUITECTURA)	224,58 €
457-4500-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (ARQUITECTURA)	250,89 €
457-4500-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (ARQUITECTURA)	2.349,00 €
457-4500-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (ARQUITECTURA)	142,65 €
900-9120-100,00	RETRIBUCIÓN BÁSICAS, ÓRGANOS DE GOBERNO (CORPORACIÓN)	10.436,97 €
900-9120-160,01	SEGURIDADE SOCIAL PERSOAL LABORAL, (CORPORACIÓN)	2.999,75 €
912-9120-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (G. PRESIDENCIA)	209,90 €
912-9120-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (G. PRESIDENCIA)	140,00 €
912-9120-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (G.PRESIDENCIA)	0,02 €
912-9120-110,00	PERSOAL DE EMPREGO, R. BÁSICAS, (G. PRESIDENCIA)	16.528,14 €
912-9120-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (G. PRESIDENCIA)	62,97 €
912-9120-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (G. PRESIDENCIA)	0,02 €
912-9120-160,02	S. SOCIAL P. EMPREGO, (G. PRESIDENCIA)	4.545,24 €
920-9200-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (SERVIZO CENTRAL)	31.454,18 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
920-9200-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (SERVIZO CENTRAL)	4.073,96 €
920-9200-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (SERVIZO CENTRAL)	6.998,94 €
920-9200-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (SERVIZO CENTRAL)	1.181,45 €
921-9200-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (R. HUMANOS)	26.901,09 €
921-9200-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (R. HUMANOS)	300,00 €
921-9200-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (R. HUMANOS)	59,42 €
921-9200-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (R. HUMANOS)	3.601,05 €
921-9200-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (R. HUMANOS)	17,24 €
922-9200-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (CONTRATACIÓN)	8.786,25 €
922-9200-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (CONTRATACIÓN)	356,49 €
922-9200-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (CONTRATACIÓN)	2.255,07 €
922-9200-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (CONTRATACIÓN)	103,38 €
923-9225-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (SAIM)	6.888,65 €
923-9225-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (SAIM)	1.593,32 €
924-9240-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (COMUNICACIÓN)	6.280,54 €
924-9240-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (COMUNICACIÓN)	5.200,00 €
924-9240-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (COMUNICACIÓN)	3.243,84 €
924-9240-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (COMUNICACIÓN)	660,33 €
924-9240-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (COMUNICACIÓN)	2.769,44 €
924-9240-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (COMUNICACIÓN)	1.093,17 €
926-9260-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (TIC)	12.739,37 €
926-9260-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (TIC)	2.400,00 €
926-9260-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (TIC)	1.677,56 €
926-9260-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (TIC)	782,42 €
926-9260-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (TIC)	3.565,02 €
926-9260-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (TIC)	688,80 €
927-9200-120,11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (ASESORÍA XURÍDICA)	3.298,39 €
927-9200-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (ASESORÍA XURÍDICA)	1.600,00 €
927-9200-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (ASESORÍA XURÍDICA)	0,02 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
927-9200-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (ASESORÍA XURÍDICA)	1.074,80 €
927-9200-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (ASESORÍA XURÍDICA)	0,02 €
929-9200-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (PREVENCIÓN)	2.495,49 €
929-9200-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (PREVENCIÓN)	600,00 €
929-9200-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (PREVENCIÓN)	835,52 €
931-9310-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (INTERVENCIÓN)	19.559,76 €
931-9310-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (INTERVENCIÓN)	500,00 €
931-9310-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (INTERVENCIÓN)	712,98 €
931-9310-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (INTERVENCIÓN)	4.265,78 €
931-9310-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (INTERVENCIÓN)	188,94 €
932-9320-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (ORAL)	60.852,32 €
932-9320-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (ORAL)	17.421,17 €
932-9320-131,00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (ORAL)	356,51 €
932-9320-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (ORAL)	15.017,13 €
932-9320-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (ORAL)	5.244,42 €
934-9340-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (TESOURERÍA)	1.803,09 €
934-9340-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA,(TESOURERÍA)	1.800,00 €
934-9340-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (TESOURERÍA)	453,45 €
934-9340-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (TESOURERÍA)	766,02 €
934-9340-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (TESOURERÍA)	126,99 €
942-9420-120,11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 1,5% EN 2022 (COOPERACIÓN)	10.017,44 €
942-9420-150,04	PRODUTIVIDADE COMPLEMENTARIA, (COOPERACIÓN)	4.800,00 €
942-9420-130,00	PERSOAL LABORAL FIXO, (COOPERACIÓN)	960,32 €
942-9420-160,00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (COOPERACIÓN)	3.224,33 €
942-9420-160,01	S. SOCIAL LABORALES, (COOPERACIÓN)	268,89 €
	Total ...	720.721,03 €

Asinado dixitalmente á marxe



MPN/Tgo

ASUNTO: INFORME SOBRE INCOACCIÓN DE TRAMITACIÓN DUN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA DOTAR ORZAMENTARIAMENTE OS NOVOS INVESTIMENTOS DO CONCELLO DE O ROSAL

ANTECEDENTES

– No marco do Plan Concellos 2020, mediante Resolución Presidencial nº 2020024165, de data 06/08/2020, se lle concedeu ao concello de O Rosal unha subvención por importe de 40.927,00 euros, co obxecto do financiamento da achega municipal ao instrumento de colaboración concertado entre a Deputación Provincial e o referido Concello para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goión dende ao PQ. 0+000 ata o PQ. 1+175. Treito I*”, expediente nº 2020024165. A concesión se fixo sobre a partida orzamentaria 2020/942.9425.765.45 para xerar crédito na corresponde aplicación orzamentaria do Servizo de Mobilidade.

– En data 1 de decembro de 2020 se asina o Convenio que establece as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto descrito no parágrafo anterior. Segundo o convenio o gasto de execución das obras ascendía a 650.444,12 euros, imputándose as aplicacións orzamentarias 20/4564530612.02 e 21/456.4530.612.02, distribuíndose o financiamento entre a Deputación e o Concello segundo se detalla:

- Deputación: 520.355,30 € (80%)
- Concello de O Rosal; 130.088,82 € (20%)

A achega do Concello de 130.088,30 €, financiábase con os 40.927,00 € a cargo do Plan Concellos 2020, e os 89.161,82 € restantes, a través do compromiso da consignación de crédito suficiente no orzamento de 2021.

– Con posterioridade, a Deputación solicita para este investimento do concello de O Rosal, acollerse ao Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño (BOE nº 144 de 17/06/2017), polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER.

– Finalmente, o Instituto para a Diversificación da Enerxía e Aforro Enerxético (IDAE) notifícalle á Deputación en data 10/05/2022, a Resolución pola que se estima favorablemente a solicitude de axuda formulada ao abeiro do RD 616/2017, e se lle concede unha subvención de 472.622,59 euros. En consecuencia, seguindo os criterios de actuación nas vías provinciais aprobados polo Pleno da Deputación en acordos de 29 de xaneiro de 2016 e de 25 de setembro de 2020, a distribución do financiamento é a seguinte:

Organismo	Achega	Porcentaxe
IDAE-FONDOS FEDER	472.622,59 €	72,67 %
Deputación de Pontevedra e Concello de O Rosal	177.821,53 €	27,33%
TOTAL OBRAS	650.444,12 €	100%



A contribución da Deputación de Pontevedra e do Concello de O Rosal (€) é a que se detalla:

Deputación de Pontevedra	142.257,22 €	80%
Concello de O Rosal	35.564,31 €	20%
TOTAL	177.821,53 €	100%

Recollendo os anteriores importes do reparto, resulta que 40.927,00 euros procedente do Plan Concellos 2020 poderá destinarse a outros investimentos do concello de O Rosal, mediante subvención nominativa aprobada polo Pleno da Deputación, segundo as regras de tramitación do Plan Concellos 2022-2023. E o importe restante de 53.597,51 euros, ao ter a súa procedencia en fondos propios do ente municipal, se lle restituirá por devolución.

– Mediante rexistro web 2022053719 de data 14/10/2022, o concello de O Rosal manifesta que a cantidade de 40.927,00 euros irá destinada ao financiamento das novas propostas de inversión, sendo estas as que se indican no seguinte cadro:

Denominación dos Novos Investimentos	Importe do Crédito Orzamentario	Orzamento do novo investimento
“Melloras na escola de Eiras”	40.927,00 €	40.927,00 €

- Para facer efectivos estes novos investimentos é preciso a modificación orzamentaria pertinente ao fin de que o crédito orzamentario do Plan Concellos xerado no Servizo de Mobilidade retorne ao Servizo de Cooperación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- De acordo co artigo 147 do RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LHL), se comprenderán entre as subvencións acordadas polo Estado e as Comunidades Autónomas, conforme ao artigo 40 da mesma lei, a prol das deputacións, as destinadas a financiar os plans provinciais de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, a que se refire o artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 1 de abril.

- No artigo 177 LHL se desenvolven os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito para o caso de que haxa de realizar algún gasto que non se poida demorar ata o exercicio seguinte, e non exista no orzamento da corporación crédito ou sexa insuficiente ou non ampliable o consignado. O expediente haberá de especificar a concreta partida orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que se haxa de financiar no aumento que se propón.

- O artigo 7 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira dispón que as políticas de gasto público deberán situarse nun marco de planificación plurianual e de programación e orzamentación, atendendo á situación económica, aos obxectivos de política económica e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

- O artigo 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, apunta que a xestión das entidades locais atenderán aos principios de proximidade, eficacia e eficiencia,



con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

.- O artigo 1 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, precisa como criterio preferente de lexitimación na xestión dos recursos públicos, o de máxima proximidade á cidadanía.

CONSIDERACIÓN FINAL

Polo exposto, dado que as novas obras para as cales se interesa a modificación orzamentaria son de competencia local ao abeiro do artigo 25.2 da LRBRL, en consecuencia cómpre que se fagan os trámites oportunos para dotar do crédito necesario as aplicacións orzamentarias correspondentes e facer fronte aos novos investimentos.

En Pontevedra na data da sinatura electrónica

A Xefa do Servizo de Cooperación

(documento asinado electronicamente)

Marina Piñeiro Novo

Conforme:

O deputado delegado da Área de Cooperación

(documento asinado electronicamente)

Santos Héctor Rodríguez Díaz

SR. INTERVENTOR



Expediente	2022061024
Asunto	Expediente de modificación orzamentaria
Trámite	Proposta inicio expediente suplemento de crédito

Antecedentes:

1. O Servizo de Arquitectura ten, entre outros cometidos, o mantemento de edificacións da Deputación de Pontevedra. Estas tarefas comprenden a redacción de proxectos, execución de obras e dirección das mesmas, encaminadas a resolver as deficiencias e mellorar as edificacións onde desenvolven o seu traballo o persoal da Deputación de Pontevedra. Por este motivo é necesario, en ocasións, acometer obras de acondicionamento e reforma dos locais existentes para adaptalos ás necesidades que xorden a medida que se incorporan ou trasladan traballadores.
2. Entre os proxectos nos que participa o Servizo de Arquitectura neste exercicio orzamentario está o Acondicionamento interior de local en Centro Príncipe Felipe, motivado pola urxente reubicación de persoal da Deputación de Pontevedra e a inexistencia dun local adecuado para tal efecto.
3. Como consecuencia do mencionado acondicionamento faise necesario suplementar crédito para tales traballos na aplicación que a continuación se sinala.

Fundamentos de dereito:

1. Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.
2. Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riesgos Laborais.
3. Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade de saúde en las obras de construción.
4. O artigo 35 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais en materia de orzamentos, relativo aos suplementos de crédito, no que se dispón que:
[...]Os suplementos de crédito son aquelas modificacións do Orzamento de gastos mediante os que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito.[...]
5. As Bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra.



Á vista do anteriormente do exposto, propónse a seguinte modificación de crédito nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Suplemento de crédito:

22/457.4500.63203 (Edificios e outras construcións: melloras no patrimonio) polo importe de 48.368,14 euros.

Pontevedra, na data da sinatura dixital

A xefa en funcións do Servizo de Arquitectura

Visto e prace

A deputada delegada



ASUNTO	SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DO SERVIZO DE NOVAS TECNOLOXÍAS 6/2022
TRÁMITE	Informe para transferencia de crédito

Para afrontar a execución do orzamento do servizo de Novas Tecnoloxías, necesítase reaxustar os importes dalgunhas aplicacións orzamentarias.

O reaxuste consistirá nunha transferencia de crédito para afrontar o gasto da contratación dunha ferramenta a xeración de actas audiovisuais e a súa incorporación ao libro de actas de pleno da Deputación de Pontevedra. Esta contratación permitirá implantar un sistema de control de debate e votación con produción de vídeo de xeito automatizado e de forma integrada para participantes presenciais e remotos.

Este gasto non estaba previsto inicialmente nos orzamentos do servizo de Novas Tecnoloxías para o ano 2022, polo que se necesita unha transferencia de crédito desde a aplicación 926.9260.227.06, na que existe saldo, con destino ás aplicacións 926.9260.626.01 e 926.9260.641.00 que permitan comprar a infraestrutura necesaria para posibilitar a xeración de actas audiovisuais.

Por elo SOLICÍTASE

Unha transferencia de crédito por un importe total de 50.000,00€ (cincuenta mil euros).

A continuación indícanse as aplicacións orzamentarias de orixe e destino:

Aplicación a minorar (anteriormente suplementada):

926.9260.227.06	Traballos realizados por outras empresas, estudos e traballos técnicos	50.000,00€
------------------------	--	-------------------

Aplicacións a suplementar:

926.9260.626.01	Equipos para procesos de información, adquisición	33.000,00€
926.9260.641.00	Adquisición aplicación informática	17.000,00€

Documento asinado ao marxe



PROPOSTA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

Na próxima modificación de crédito, no servizo de Deportes, é necesario incluír as seguintes modificacións:

1.- Dado que a Federación Galega de Patinaxe con NIF: 15070451 renunciou á continuidade da organización e desenvolvemento das escolas deportivas de Patinaxe 2022 para este vindeiro curso e seguintes;

2.- e para poder levar a cabo o proxecto destas escolas deportivas nos 7 concellos da nosa provincia (Forcarei, Gondomar, A Guarda, Moraña, Ribadumia, Tomiño e Valga) nos que se viñan desenvolvendo dita actividade, é necesario dotar crédito por importe de 21.000,00 €, distribuídos na aplicación 340.3400.462.01 - (a concellos, subvencións), da seguinte maneira:

- Concello de Forcarei →1.000,00 €
- Concello de Gondomar →5.000,00 €
- Concello de A Guarda →1.000,00 €
- Concello de Moraña →2.000,00 €
- Concello de Ribadumia →3.000,00 €
- Concello de Tomiño →5.000,00 €
- Concello Valga →4.000,00 €

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe



MPN/mag

ASUNTO: INFORME SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO PARA FINANCIAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VIGO PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS PARA A CESIÓN AO CONCELLO DA TITULARIDADE DA “E.P. 2001 CALVARIO A GARRIDA. TRAMO IGLESIA DE BEADE A GARRIDA (PO 330). LUGAR DE PORTO, ENTRE REGATO QUINTIÁN E O Nº 77 DA ESTRADA DO PORTO” E PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS PRECISAS PARA A SÚA TRANSFORMACIÓN E AMPLIACIÓN

ANTECEDENTES

1. Con data 30/12/2016 foi asinado o Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para regular as actuacións para a cesión ao Concello de Vigo da titularidade da “E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO-330). lugar de Porto, entre regato Quintián e o núm. 77 da estrada do Porto”, e para o financiamento e execución das obras precisas para a súa transformación e ampliación (EXPTE. 2016046179).

2. O cadro inicial de financiamento, do dito convenio entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo era o seguinte:

	2016	2017	2018	TOTAL
Deputación	800.000,00€	1.619.903,50€	0,00€	2.419.903,50€
Concello de Vigo	0,00€	207.420,30€	829.681,20€	1.037.101,50€
Total investimento				3.457.005,00€

3. O cadro definitivo de financiamento tras a aprobación dunha addenda de data 27/12/2019 é o seguinte:

	2016	2017	2018	2019	2020	TOTAL
Deputación	800.000,00€	1.619.903,50€	0,00€	0,00€	0,00€	2.419.903,50€
Concello de Vigo	0,00€	77.924,00€	0,00€	100.000,00€	236.000,00€	413.924,00€
Total investimento						2.833.827,50€

4. Os importes de execución á data de finalización do convenio (15/10/2022) son os seguintes:

	2016	2017	2018	2019	2020	TOTAL
Deputación	800.000,00€	1.022.442,95€	0,00€	0,00€	0,00€	1.822.442,95€
Concello de Vigo						311.728,50€
Total investimento						2.134.171,45€

5. O dito Convenio finaliza en data 15/10/2022 e, unha vez presentada polo concello a xustificación, compróbase que do importe comprometido pola Deputación existe unha cantidade sobrance (non executada) por importe de **597.460,55€**, que se imputa á **anualidade 2017**, aplicación orzamentaria 22/942.9420.762.14.2017.



6. Existen actuacións pendentes de executar que non é posible realizar nos prazos recollidos no convenio, polo que se estima necesario formalizar un novo convenio para dar continuidade ás actuacións para a cesión ao Concello de Vigo da titularidade da “E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO-330). Lugar de Porto, entre regato Quintián e o núm. 77 da estrada do Porto”, e para o financiamento e execución das obras precisas para a súa transformación e ampliación, para o que se estima unha achega da Deputación de Pontevedra por valor de 597.460,55 €.

7. Para que as actuacións de interese público sinaladas poidan levarse a cabo correctamente, é necesario dotar co crédito suficiente a aplicación orzamentaria correspondente e polos seguintes motivos:

- O remate das actuacións indicadas deben, por tanto, formalizarse a través dun convenio de colaboración.
- A actuación proxectada corresponderanse cun investimento en ámbito competencial asumido polo concello segundo as Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA). Asemade, a Deputación actúa en base as competencias xenéricas atribuídas por ambas leis, que orientan a súa actuación cara á colaboración no desenvolvemento económico e social da provincia.

8. Para facer fronte á actuación e investimento que será obxecto dun novo convenio considérase necesario realizar a modificación orzamentaria oportuna co fin de dotar de crédito suficiente e adecuado a correspondente aplicación. En concreto, na aplicación orzamentaria 22/942.9420.762.14 debe tramitarse un suplemento de crédito financiado con baixas da anualidade 2017 do convenio de orixe.

9. Estas actuacións deben realizarse sen demora, por tratarse de actuacións necesarias para a continuación e remate final das xa executadas e que, por mor da finalización do prazo do convenio inicial, deben realizarse ao amparo dun novo convenio que regule a súa correcta execución nun marco temporal axeitado ás posibilidades da tramitación administrativa e ó ritmo de execución técnica das actuacións.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

1.- O crédito previsto inicialmente no Orzamento provincial 2022 para financiar este tipo de convenios prevese insuficiente para atender este novo convenio, que xorde pola necesidade de dar continuidade e finalizar as actuacións na E.P. 2021 pactadas entre a Deputación e o Concello de Vigo. Non obstante, ao existir un sobrante procedente do crédito non executado da anualidade 2017 do Convenio inicial, por importe de 597.460,55 €, considerándose adecuado tramitar un expediente de suplemento de crédito que se financiará co importe da baixa non executada do convenio inicial.

2.- O artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sinala que cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte, e este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o/a presidente da corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de suplemento de crédito.



3.- A capacidade financeira da Deputación, tendo en conta que este suplemento se financiará cun crédito procedente dunha baixa non executada, non se ve afectada, o que permite complementar o crédito necesario para atender as necesidades expostas, sen prexuízo dos informes preceptivos que determinen con maior precisión o cumprimento dos requisitos establecidos legalmente para a tramitación deste expediente.

CONCLUSIÓN:

Polo exposto, **INFÓRMASE FAVORABLEMENTE** a incoación dun expediente de suplemento de crédito, que se financiará co crédito procedente da baixa non executada do Convenio orixinal recollida na aplicación 22/942.9420.762.14.2017, para destinalo á realización dun novo Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para dar continuidade ás actuacións para a cesión ao Concello de Vigo da titularidade da “E.P. 2001 Calvario a Garrida. tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO-330). lugar de Porto, entre regato Quintián e o núm. 77 da estrada do Porto”, e para o financiamento e execución das obras precisas para a súa transformación e ampliación, do xeito indicado a continuación:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO		
FINALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE A SUPLEMENTAR
Investimentos en Convenios (Vigo – Pontevedra): “Convenio para a continuidade das actuacións para a cesión ao Concello de Vigo da titularidade da “E.P. 2001 Calvario a Garrida. Tramo Iglesia de Beade a Garrida (PO 330). Lugar de Porto, entre regato Quintián e o nº 77 da estrada do Porto” e para o financiamento e execución das obras precisas para a súa transformación e ampliación”	Aplicación que minora 22/942.9420.762.14.2017	597.460,55 €
	Aplicación que suplementa 22/942.9420.762.14	

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

Conforme:

A Xefa do Servizo de Cooperación

O deputado delegado da Área de Cooperación

(documento asinado electronicamente)

(documento asinado electronicamente)

Marina Piñeiro Novo

Santos Héctor Rodríguez Díaz

SR. INTERVENTOR



EXPEDIENTE	202206124
ASUNTO	SUPLEMENTO DE CRÉDITO 6/2022
TRÁMITE	INFORME DO SERVIZO DE TURISMO

Mediante resolución de 14 de setembro de 2022 a Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo concedeu á Deputación de Pontevedra unha subvención directa de 2.069.000 € para a realización do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “Deza e Tabeirós – Terra de Montes. Os camiños por dentro”, dentro do marco do Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021. O pago da subvención realizarase con carácter anticipado.

Mediante resolución de 4 de xaneiro de 2022, a Secretaría de Estado de Turismo acordou a distribución dos créditos ás comunidades autónomas e o reparto ás entidades locais, entre as que figura o importe de 1.500.000 € á Deputación de Pontevedra para a realización do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino “Condado – Paradanta. Unha terra entre ríos”.

O Consello da xunta aprobou, en sesión de 29 de setembro 2022 a autorización da subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Deputación de Pontevedra para a execución do Plan de sustentabilidade turística en destino Condado de Paradanta, unha terra entre ríos, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEu por un importe dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00€).

Ambos plans prevén financiación propia por parte da Deputación de Pontevedra.

Considerando que as actuacións de ambos os dous plans xa se están executando e que a Deputación de Pontevedra recibirá a financiación con carácter anticipado, cómpre incrementar o crédito do exercicio 2022 co fin de realizar as actuacións previstas nos plans.

Nas aplicacións orzamentarias ás que debe imputarse o gasto non hai crédito suficiente dispoñible e as actuacións non se poden demorar ata o próximo exercicio.

En consecuencia, resulta necesario tramitar un suplemento de crédito co seguinte detalle:

APLICACIÓN	IMPORTE
22/433.4324.226.02 – Publicidade e propaganda. Deza Camiños	15.960,00 €
22/433.4324.227.99 – Estudos e traballos técnicos. Deza Camiños	35.490,00 €
22/433.4324.652.99 – Investimentos xestionados Concellos. Deza Camiños	122.220,00 €
22/433.4325.226.02 – Publicidade e propaganda. Entre Ríos. Condado P.	6.300,00 €
22/433.4325.227.99 – Traballos realizados por outras empresas. Entre Ríos, Condado P.	11.550,00 €
22/433.4325.622.07 – Edificios e outras construcións. Bens cedidos. Condado, P.	8.400,00 €
22/433.4325.652.99 – Investimentos xestionados por Concellos. Condado P.	86.100,00 €
TOTAL	286.020,00 €



En consecuencia, de conformidade co establecido no artigo 177 do R.D Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, propónse a modificación de crédito descrita mediante un suplemento de crédito, previo informe de Intervención e aprobación do Pleno da Corporación.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

Ruth González Reyes

Xefa do Servizo

Ana Laura Iglesias González

Deputada delegada de Turismo

Firmado por: ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ - ***7670**
Cargo: Deputada delegada
Data: 07/10/2022 15:20

Firmado por: RUTH GONZÁLEZ REYES - ***1406**
Cargo: Xefa do servizo de Turismo Rías Baixas
Data: 07/10/2022 14:00



INFORME DA DEPUTADA DELEGADA DE CULTURA

En virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de subvencións a entidades do ámbito cultural, emito o presente informe para informar e xustificar as razóns de interese público, económico e social para a provincia do proxecto "Xosé Gil. Pontevedra, provincia de cine, na orixe do cinema", para que poida acollerse á excepción recollida no (Capítulo IV, Artigo 23. Base 10, da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra) podendo superar así o 50% do custo da finalidade que se subvenciona, sendo a beneficiaria unha entidade xurídica con ánimo de lucro.

1. Entre os intereses da Deputación figuran o apoio a todas aquelas iniciativas conducentes á promoción, difusión e fomento de actividades culturais e sociais que impacten en todo o territorio provincial, que sexan promovidas por entidades profesionais da nosa provincia e que favorezan o mantemento da nosa cultura tradicional e do noso patrimonio.

2. Dentro do ámbito competencial, a Constitución española, no seu artigo 44, establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, como un dos dereitos da cidadanía e promoverán a ciencia e maila investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral.

Ademais, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no seu artigo 36.d) establece como competencias propias das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Nesta liña, o artigo 109.1 d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, determina como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Neste caso, é salientable que o dereito do acceso á cultura repercute en dúas vertentes de accesibilidade: acceso á programación cultural e acceso á educación cultural. En base ao artigo 44, tamén podemos definir o acceso á cultura abarcando catro elementos clave: a non discriminación, a accesibilidade física, a accesibilidade económica e a accesibilidade da información. E neste obxectivo é fundamental o papel das deputacións provinciais, focalizando a súa acción política no ámbito cultural na redistribución dos recursos para achegar de forma equitativa e igualitaria a programación cultural a todo o territorio, intensificando o seu esforzo naquelas áreas con maiores indicadores de desigualdade (económica e social).

Así mesmo, o papel das deputacións provinciais tamén é providencial á hora de preservar e divulgar o patrimonio, tanto o material como o intanxible, transmitindo o legado e a tradición ás novas xeracións, dende unha ollada de futuro.



3. En base a estas premisas reflectidas como dereitos fundamentais, así como á necesidade de poñer en valor a figuras relevantes da nosa cultura, fomentar a súa actualización e divulgar o seu legado, **“Xosé Gil. Pontevedra, provincia de cine, na orixe do cinema”** é un claro exemplo de proxecto multidisciplinar que impacta directamente sobre o territorio e a cidadanía, amosando un interese público, económico, cultural e social, que se desenvolve a través dos seguintes obxectivos que promove e desenvolve o proxecto:

- defender o acceso a cultura dende a igualdade e a inclusión, así como dende a sustentabilidade

(propiciando a accesibilidade á cultura na súa dobre vertente: acceso á programación cultural e acceso á educación cultural)

- axudar a rachar barreiras económicas, educativas, xeográficas, xeracionais, sociais e culturais

(achegando unha programación cultural a todo o territorio e a todas as comarcas, dende unha ollada accesible, didáctica, pedagóxica e participativa)

- propiciar a interacción interxeracional, ao implicar a diferentes públicos coa integración de actividades que fan partícipes dende as crianzas ata as persoas maiores

(xerando espazos de encontro entre a comunidade educativa, as familias, as crianzas e as persoas maiores, desenvolvendo actividades nos espazos públicos sociais que ocupan persoas de todas as xeracións)

- implicar ao tecido educativo da provincia, divulgando referentes culturais e o noso patrimonio intanxible, co fin de garantir a súa preservación e actualización, dende as xeracións máis novas

- fomentar a participación cidadá, facendo que todas e todos sexan parte activa da cultura

(educando na cultura, na tradición e no patrimonio intanxible aos nenos e nenas, mozos e mozas, así como ás persoas adultas a través da experiencia cultural)

- dinamizar o sector cultural local e xerar sinerxías entre diferentes manifestacións culturais e subsectores dentro do tecido cultural

(interactuando na programación coas bandas de música locais e con entidades culturais)

- contribuír a crear riqueza e desenvolvemento económico e social, fomento o emprego nos municipios implicados, ao transformarse en focos de dinamización e interese cultural

(atraendo xente de municipios contiguos e convertendo durante unha fin de semana a cada concello en foco de atracción cultural e turística)



Así pois, Xosé Gil foi un fotógrafo e pioneiro do cinema galego que realizou máis de 150 filmes documentais entre 1910 e 1935. Home singular e moi comprometido co cinema, paradigma da loita contra a adversidade, poñendo en valor e democratizando o cinema nun tempo no que estaba considerado unha extravagancia e unha exclusividade elitista. Con este proxecto trátase de dar a coñecer aos pontevedreses e pontevedresas en primeiro termo, e aos galegos e galegas, especialmente daqueles dos concellos e contornas que formaron parte da traxectoria vital da obra de Xosé Gil, a súa figura histórica e a súa relevancia, como grande pioneiro que foi na orixe do cinema, inxusta e iloxicamente descoñecido para case todos na actualidade.

A través deste proxecto, **“Xosé Gil. Pontevedra, provincia de cine, na orixe do cinema”** levarase o seu legado e a súa proxección a aqueles lugares da provincia que tiveron relación con el, un total de 30 concellos que permean todo o territorio, cun dobre obxectivo: mentres se achega a cultura a recunchos onde é escasa a programación, tráese do esquecemento ao grande precursor, que non é alleo ao noso territorio, dáse a coñecer a súa figura para toda a veciñanza, divúlgase entre as novas xeracións a importancia e traballo dun mestre do cine que arriscou e innovou nas posibilidades do cinema da súa época, e que marcou sen dúbida o camiño para todos e todas as que virían despois.

4. O proxecto, ademais dos retornos culturais e sociais para a poboación da provincia, ten un claro retorno económico para as localidades nas que se vertebra o legado de Xosé Gil, ao constituír as accións previstas tal e como se dicía un punto de atracción para a poboación da contorna con impacto previsiblemente máis notable na hostalería e restauración e outras empresas do sector servizos vinculadas ao turismo e á cultura, pero tamén clave na dinamización do comercio local dado que as alternativas de ocupación do tempo libre por medio de plataformas de *streaming* tenden a retirar á xente das rúas e a canalizar o consumo de bens e servizos a opcións *online*, xeralmente en mans de multinacionais estranxeiras de escasa ou nula tributación en España.

Coadxuva tamén a fixar a poboación creando alternativas culturais e de ocio en localidades do rural, en liña coas directrices xerais da Estrategia Nacional¹ fronte ao reto demográfico do *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico*, que fai fincapé na necesidade da colaboración e cooperación das entidades locais para frear o despoboamento e progresivo envellecemento do rural, así como do desenvolvemento de figuras de colaboración público-privadas para a consecución dos obxectivos. A porcentaxe de poboación maior de 64 anos en España alcanzaba no ano 2019 o 19,3%, sendo do 24,5% nas zonas rurais (+5,2%) concentrándose a poboación entre 15 e 64 anos nos ámbitos máis urbanos con mellores condición de acceso á oferta cultural.

¹ https://www.mptfp.gob.es/dam/es/portal/reto_demografico/Estrategia_Nacional/directrices_generales_estrategia.pdf.pdf



5. A Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, recolle no seu art. 23 os gastos que a teñen a consideración de subvencionables con carácter xeral para todos os procedementos de concesión de subvencións, engadindo no seu apartado 10º unha precisión (non recollida na lexislación estatal nin autonómica) no tocante ás subvencións concedidas a entidades privadas:

"O importe das subvencións non poderá superar o 50 % do custo da finalidade que se subvenciona cando a persoa beneficiaria teña natureza xurídica privada con ánimo de lucro, salvo casos especiais debidamente acreditados, nos que por razóns de interese público, económico ou social da provincia se poida conceder unha porcentaxe superior. No caso de que a finalidade para a que se solicita a subvención conte con subvención doutra/s administración/s só se poderá subvencionar a parte que reste ata acadar o 50 por cento entre todas as subvencións."

Esta previsión, introduce unha restrición xeral á obtención de subvencións para a realización de actividades de interese público da Deputación de Pontevedra no caso de que a entidade subvencionada sexa privada e con ánimo de lucro, non podendo a subvención superar o 50% do custe da finalidade subvencionada.

Non obstante, establécese de forma clara e directa a posibilidade de que se conceda unha porcentaxe superior en casos especiais debidamente acreditados, con referencia expresa en parte ás circunstancias habilitantes previstas na normativa xeral de subvencións para a concesión de subvencións directas: razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública (art. 22.2.c da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións: art. 19.4.c da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).

Os elementos de oportunidade e conveniencia recollidos no corpo do presente escrito que integran o interese público para a aplicación da excepción prevista na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación antes transcrita, son de apreciación discrecional e corresponden a esta deputada como delegada de Cultura.

A maior abundamento, existe unha limitación absoluta a que este proxecto poida ser desenvolvido por medio dunha convocatoria pública de subvencións, por tratarse dunha idea orixinal cuxos dereitos de explotación ostenta a empresa Vía Láctea Films, S.L., segundo a documentación obrante no Servizo de Cultura, o que impide que outros operadores poidan desenvolver a mesma actividade.

6. No pleno ordinario do mes de xullo de 2022, tramitouse unha modificación de crédito na que se incorporou un suplemento de 245.000,00€ na aplicación 330.3340.226.33 do Servizo de Cultura, para a contratación deste programa cultural.

Toda vez que dende os servizos técnicos se plantexan dificultades xurídicas para a tramitación do expediente coma un contrato de servizos por exclusividade -tal e como foi aprobado polo pleno cos informes favorables pertinentes-, e se indica o seu mellor



encaixe como subvención dentro das políticas de fomento, tramitarase unha modificación de crédito a fin de transferir ese crédito ao Cap. 4 do Orzamento de Gastos de 2022, para recollelo coma unha subvención nominativa en favor da entidade titular dos dereitos, polo 100% do custe contemplado.

O que se informa ós efectos de instrumentar a excepción prevista no art. 23.10 da Ordenanza Xeral de Subvencións, de forma que se conceda unha subvención á entidade con ánimo de lucro Vía Láctea Films, S.L. (B-15.616.121), polo 100% do custe do proxecto "Xosé Gil. Pontevedra, provincia de cine, na orixe do cinema", 245.000,00 € (IVE incluído, Base: 202.479,34 € máis o correspondente 21% de IVE, 42.520,66 €) e que se imputarán con cargo á aplicación 22/330.3340.479.01 do vixente orzamento provincial

Asinado dixitalmente á marxe.



EXPEDIENTE	2022061124
ASUNTO	SOLICITUDE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO DO SERVIZO DE NOVAS TECNOLOXÍAS 6/2022
TRÁMITE	Informe para modificación orzamentaria (Suplemento de crédito)

A Entidade Pública Empresarial, Red.es, adscrita ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, a través da Secretaría de Estado de Dixitalización e Intelixencia Artificial, puxo en marcha a Convocatoria 2021 para a creación da rede de oficinas Acelera Pyme para contornas rurais, co fin de impulsar a adopción de tecnoloxías dixitais por parte das empresas principalmente situadas en municipios con poboacións inferiores a 20.000 habitantes, axudando na súa transformación dixital e, con iso, a transformación da economía e da sociedade cara a unha contorna dixital, contribuíndo ao mantemento da poboación rural e á loita contra o despoboamento.

A Deputación de Pontevedra, presentou con data 21 de febreiro de 2022 a solicitude a través da Entidade Pública Estatal, Red.es, para ser beneficiaria da convocatoria de axudas para a creación da rede de oficinas Acelera Pyme en Contornas Rurais, c029/21-ED.

O 29 de agosto de 2022 publicouse a resolución de concesión da convocatoria de axuda c029/21-ED resultado a Deputación de Pontevedra como beneficiaria da mesma cun importe de 512.000,00 €, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGeneration EU.

Este proxecto Acelera Pyme Rural prevé financiamento por parte da Deputación de Pontevedra.

Considerando que a Deputación de Pontevedra recibirá a financiación con carácter anticipado, cómpre incrementar o crédito do exercicio 2022 co fin de realizar as actuacións previstas.

En consecuencia, resulta necesario tramitar un suplemento de crédito co seguinte detalle:



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/926.4330.227.06	92200007 – CREACIÓN OFICINAS ACELERA PYME RURAL	102.500,00€

Proponse, polo tanto a modificación de crédito descrita mediante un suplemento de crédito de conformidade co establecido no artigo 177 do R.D Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais.

Asinado dixitalmente ao marxe



CONTABILIDADE DO ORZAMENTO DE GASTOS

Operación.....202200207106
 Data.....14/10/2022
 Ano do orzamento.....2022
 Exercicio.....2022
 Referencia.....CE. 06/22, 2022061024
 Ref. Intervención.....22.22.RC.010985

EXERCICIOS CORRENTES

RCMOD

 RC para transferencias y
 bajas

ANO	ORGÁNICA	PROGRAMA	ECONÓMICA	REMANENTE	CONTA	IMPORTE
2022	340	3410	48902		6511	21.000,00 €
CENTRO XESTOR:		DEPORTES				
APLICACIÓN ORZAMENTARIA:		A FAMILIAS E INST. SEN FINS LUCRO, ESCOLAS DEPOR				
IMPORTE EN LETRAS:		# vinteun mil euros #				

JFL 14/10/2022 12:02

 Firmado por: ANTONIO GRAÑA GOMEZ - ***2296**
 Cargo: Interventor
 Data: 14/10/2022 12:07

DESCRIPCIÓN DA OPERACIÓN

CE. 06/22, CIVIDAS:2022061024REN

CERTIFICO:

Que para a aplicación que figura neste documento existe saldo de crédito dispoñible, quedando retido o importe que se apunta.



PROPOSTA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

Na próxima modificación de crédito, no servizo de Cultura, é necesario realizar as seguintes modificacións:

- 1.- Na aplicación 22/330.3340.479.01 incluír a proposta de concesión dunha subvención nominativa á empresa **Vía Láctea Films, S.L.** (B-15.616.121), para os gastos de organización do proxecto "**Xosé Gil. Pontevedra, provincia de cine, na orixe do cinema**", por importe de 245.000,00 € € (IVE incluído, Base: 202.479,34 € máis o correspondente 21% de IVE, 42.520,66 €).
2. Dita modificación finánciase con baixas na aplicación 22/330.3340.226.33 polo importe de 245.000,00 €.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe



EXPEDIENTE	2022061024
ASUNTO	PROPOSTA SOBRE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS PARA SUPLEMENTO DE CRÉDITO 06/2022
DESTINATARIO	INTERVENCIÓN

Ante a necesidade de financiamento para afrontar novos investimentos que non poden demorarse ata o seguinte exercicio orzamentario, e non existindo crédito suficiente no vixente orzamento, informo que é necesario realizar un suplemento de crédito co seguinte detalle:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
22/456.4530.612.01	SEGURANZA VIARIA - MELLORA SINALIZACIÓN	5.666.253,46 €
	Total.....	5.666.253,46 €

Considerando o anterior e de conformidade co establecido no artigo 177 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, propónse a modificación de crédito descrita mediante un suplemento de crédito.

Documento datado e asinado dixitalmente á marxe

